

Exposición

Enténdese por exposición a axentes biolóxicos á presenza destes no entorno laboral que implica o contacto de ditos axentes co traballador por calquera das vías de entrada ao organismo.

Identificación

A posible exposición aos axentes biolóxicos pódense dar no ámbito laboral en dous grandes grupos de actividades.

- Exposición derivada dunha **actividade laboral con intención deliberada de utilizar ou manipular un axente biolóxico**, o que constitúe o propósito principal do traballo. É dicir, o cultivo, a manipulación ou a concentración de axentes biolóxicos xa sexa a niveis industriais ou experimentais, ou con fins de investigación, comercial ou terapéutico.
 - ✓ Laboratorios de diagnóstico microbiolóxico.
 - ✓ Laboratorios de investigación.
 - ✓ Industrias biotecnolóxicas.
- Exposición derivada dunha **actividade laboral que non implica unha intención deliberada de utilizar ou de manipular un axente biolóxico, pero que poden conducir á exposición**. Nestes casos se trata dunha exposición potencial a axentes biolóxicos xa que a exposición é incidental ao propósito principal do traballo.
 - ✓ Traballos en centros de produción de alimentos.
 - ✓ Traballos agrarios.
 - ✓ Actividades nas que existe contacto con animais ou con produtos de orixe animal.
 - ✓ Traballos de asistencia sanitaria, comprendidos os desenvolvidos en servizos de illamento e de anatomía patolóxica.
 - ✓ Traballos en laboratorios clínicos, veterinarios, de diagnóstico e de investigación, con exclusión dos laboratorios de diagnóstico microbiolóxico.
 - ✓ Traballos en unidades de eliminación de residuos.
 - ✓ Traballos en instalacións depuradoras de augas residuais.

Definicións

Axentes biolóxicos: microorganismos, con inclusión dos xenéticamente modificados, cultivos celulares e endoparásitos humanos, susceptibles de orixinar calquera tipo de infección, alerxia ou toxicidade.

Microorganismo: toda entidade microbiolóxica, celular ou non, capaz de reproducirse ou de transferir material xenético.

Cultivo celular: o resultado do crecemento “in vitro” de células obtidas de organismos multicelulares.

Clasificación

Segundo a lexislación actual, os axentes biolóxicos potencialmente presentes nos postos de traballo corresponderían aos seguintes grupos:


AXENTES DE GRUPO 1.- Aqueles cuxa acción resulta pouco probable que cause enfermidades no home

AXENTES DE GRUPO 2.- Aqueles que poden causar enfermidades no home, difícilmente propagable, e para os que existen tratamentos preventivo e curativo eficaces

AXENTES DE GRUPO 3.- Poden causar enfermidades graves no home, é probable a súa propagación, pero soen existir tratamentos preventivo e curativo eficaces.



VIRUS



BACTERIAS



PROTOZOOS



HUNGOS



GUSANOS

AXENTES DE GRUPO 4.- Poden causar unha enfermidade grave no home e presenta un serio perigo para os traballadores; existen moitas probabilidades de que se propague á colectividade; non existen xeralmente profilaxis ou tratamentos eficaces.

Débese coñecer por qué vía se incorporan ao organismo:

- Respiratoria (a través do aire)
- Dérmica (por contacto)
- Dixestiva (malos hábitos hixénicos)
- Parenteral (cortes, pinchazos, a través de feridas)

¿De qué depende a situación de risco?

- ✓ Da potencial presenza dos axentes biolóxicos.
- ✓ Da gravidade da súa acción.
- ✓ Das medidas de prevención adoptadas.

Presenza

Nas actividades laborais desenvolvidas, sen intención deliberada de manipular axentes biolóxicos, a posible exposición aos axentes biolóxicos ven determinada pola incertidumbre da presenza de axentes biolóxicos nos medios cos que se traballa (doentes, animais, produtos de orixe animal, materia orgánica, augas residuais, etc...), nos materiais ou instrumentais que se manexan ou nos residuos xerados.

Medidas de prevención

Dependendo do tipo de actividade desenvolvida, do grupo de risco ao que pertencenza o axente, da vía de penetración pola que se incorpore ao organismo, e de que existan ou non tratamentos preventivos, serán todas aquelas que reduzan os efectos negativos ao mínimo posible para o traballador exposto.

O coñecemento de todos os factores que poden influir na posible exposición aos axentes biolóxicos nos postos de traballo, permitiranos establecer as medidas de control máis adecuadas que sirvan para evitar ou minimizar o risco de exposición aos axentes biolóxicos.

Para establecer as medidas e sistemas de control fronte ao risco biolóxico, podemos basarnos en diferentes criterios de referencia:

- Criterios Normativos.
- Criterios de Bioseguridade.
- Precaucións Universais.

Cos anteriores criterios de referencia, podense establecer diferentes medidas de control do risco biolóxico que se poden integrar nos seguintes apartados:

- Medidas de contención nos recintos de traballo e instalacións.
- Equipos e material de Seguridade.
- Medidas de control nos procedementos de traballo.
- Xestión de Residuos.
- Equipos de Protección individual.
- Medidas Hixiénicas.
- Formación e Información en materia de Seguridade e Saúde laboral.
- Vixilancia da Saúde.



En resumo, as medidas preventivas a aplicar, entre outras, poderían ser as que se indican a continuación, no obstante a diversidade de situacións que na práctica poden plantearse, serán adecuados e/ou completados, entre outros, en base aos resultados da avaliación de riscos:

- ✓ Dispoñer de procedementos seguros para a execución de tarefas nas que se prevea exposición a axentes biolóxicos.
- ✓ Dispoñer de lavabos suficientes dotados de deterxentes antisépticos e toallas desechables.
- ✓ Protexer feridas
- ✓ Dispoñer de tempo suficiente para o aseo personal antes de comer e antes de abandonar o traballo.
- ✓ Lavado de mans incluso despois de utilizar luvas.
- ✓ Non comer, beber ou fumar fora das áreas destinadas ao efecto, nunca nos lugares onde se desenvolven tarefas con posible risco biolóxico.
- ✓ Utilizar EPIs adecuados.
- ✓ No mezclar roupa de traballo e rúa.
- ✓ Contar con pautas de actuación para intervención en primeiros auxilios e emerxencias.
- ✓ Formar sobre os riscos derivados da execución do traballo.
- ✓ Informar sobre procedementos adecuados para a minimización do risco (Medidas Preventivas, EPI's, etc...).
- ✓ Utilizar sistemas de bioseguridade no material cortante e punzante.
- ✓ En laboratorios, seguir pautas marcadas pola Reglamentación sobre BPL (Boas Prácticas de Laboratorio).
- ✓ Dispoñer de programas para xestión do control de plagas.
- ✓ Lavado de roupa de traballo.
- ✓ Vixilancia da Saúde adecuada.
- ✓ Establecer campañas de vacinación que prescriba o servizo médico competente.



Lexislación

- ✓ Real Decreto 664/1997 do 12 de maio, sobre protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo.
- ✓ Guía Técnica para a avaliación e a prevención dos riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos. I.N.S.H.T.

Orden ESS/1451/2013, do 29 de xullo, pola que se establecen disposicións para a prevención de lesións causadas por instrumentos cortantes e punzantes no sector sanitario e hospitalario.